



*Debuxo de Conde Corbal.*

**XULIO FRANCISCO OGANDO VÁZQUEZ**

Licenciado en Filosofía e Letras -Sección de Historia- pola Universidade de Santiago con premio extraordinario, na que en 1950 se licencia en Dereito. En 1943 gaña por oposición a cátedra de Lingua Española e Literatura. No 1945 foi pensionado polo Consello de Investigacións Científicas para estudar os orixes do Humanismo galego en Portugal. Desde o ano 1954 está destinado no Instituto

de Ourense. A partir do 1965 ate a súa xubilación en 1983 foi director do Instituto "Otero Pedrayo", que leva ese nome glorioso pola súa iniciativa. En abril de 1980 ingresou como numerario da Real Academia Galega, para a que fora proposto anos antes por Otero Pedrayo, Sebastián Martínez Risco e Ferro Couselo. En 1976 foi recibido como académico de Honra na Galega de Xurisprudencia e Lexislación. É tamén correspondente de "O Instituto" de Coimbra

(1946) e da Real Academia da Historia (1975).

Albacea testamentario de Don Ramón Otero Pedrayo, foi tamén o autor da proposta para a concesión da gran Cruz de Alfonso X el Sabio. Está considerado como un rigoroso investigador, con traballos referidos ó campo histórico, crítico literario e xurídico, con unha trintena de monografías. No ano 1996 foi galardonado co premio Otero Pedrayo.



# O HOME AÍNDA É MILLOR

**Julio Francisco Ogando Vázquez**

*A Manolo de Dios coa saudosa lembranza de tantas horas do Seminario Didáctico de Literatura no Instituto “Otero Pedrayo”.*

## I

A victoria dos países democráticos aliados no derradeiro conflito internacional (1939-45) diu lugar a que a ditadura franquista suavizara un chisco algunhas radicais actitudes cos vencidos da guerra civil española (1936-39). Neste contexto inscríbese a permisión da viaxe de don Ramón Otero Pedrayo a Arxentina, convidado polo Centro Galego de Bos Aires, para participar nas Festas Patrias do 25 Santiago de 1946. Ista xeira tivo unha fonda e plural significación, que agora non nos interesa examinar coa debida e puntual referencia, aínda que sí debemos constatar dous resultados positivos: o primeiro é que a faiscante xornada foinos deliciosamente contada polo seu protagonista no fermoso

libro “Polos vieiros da saudade” (Galaxia, Vigo, 1952); o segundo resultado -de máis importancia para don Ramón- motiva a reposición na súa cátedra de Ourense. Tiven a casual fortuna de escoitar a redacción verbal da Orde comunicada ó xuíz do seu expediente de proceder de oficio a revisión do mesmo. O efecto inmediato, a reposición sin sanción, por Orde ministerial de 20 de setembro de 1946, posesionándose o 28 de Outubro. A maiores, o 31 de marzo de 1950 gaña mediante oposición a cátedra de Xeografía da Universidade de Santiago, competindo con oito catedráticos de Instituto, convertíndose así no primeiro titular da mesma a nivel académico de catedrático.



*Don Ramón nunha das viaxes a América.*

Don Ramón, rehabilitado, está xustamente no cume da súa plenitude física e intelectual e vive anos felices acudindo e alentando a vida das sociedades culturais peninsulares e de ultramar. Sobrancean neste propósito os galegos de Venezuela que non queren ser menos que os de Bos Aires. As peripecias desta segunda viaxe ó exterior cóntano-las o trío formado por Silvio Santiago, tan afervorado amigo de Otero Pedrayo, Ramiro Isla Couto e Carlos Herrero Alonso no pórtico “Xustificación e ofrenda” que fornece información puntual dos dous atrancos adversos ó proxecto de homenaxe encetado xa no ano 1955, atrancos que sorpresivamente rematarán contribuíndo a un maior éxito do propósito tanto pola caudalosa e espontánea participación como pola calidade e fervor do seu contido. A participación prodúcese “de seu” no 1955 aínda que, polos atrancos, non sae a luz pública deica o 1958, data da xubilación do insuperable mestre. A nómina de colaboradores sube a 85 fronte os 30 da Homenaxe que lle consagrou Galaxia, que, aínda que se imprimen ámbolos dous no ano 1958, aquel encétase xa no 1955, según deixamos dito, e sobrancea a este segundo en 55 colaboracións mais, é incomparablemente, pois, aberto e mesmo máis cálido, aínda que no segundo se diga “que na escolla de colaboracións non operou intención algunha de exclusión concreta”. De todos xeitos é cousa clara que “escolla” non é o mesmo que espontaneidade (“de seu”).

Repítense, claro está, algúns nomes de colaboradores: nove do primeiro figuran tamén no segundo. Ten aquel sobre este, a maiores, máis calor humano. Merece, pois, con xustiza, subtitularse como o fixo “Homenaxe da Galicia Universal”.

Os irmáns de Venezuela adiantáronse como se ve no tempo. Conqueriron, ó fin, levar a Don Ramón. Confiaron -penso que escollendo- para encabezamento da súa homenaxe a colaboración dos dous escritores máis representativos naquela altura da literatura galega -o Poeta da Raza, Cabanillas- e da crítica histórico-literaria española, Ramón Menéndez Pidal, presidente da Academia Española, nacido en Galicia, suxerido posiblemente polo propio Cabanillas, membro numerario da Academia, tendo tamén presente que nesa data do 1955 Otero Pedrayo ostentaba o que podíamos chamar decanato dos Correspondentes da Real e docta corporación. Velaiquí a concurrencia de tres grandes representantes do clan do ramonismo. Otero Pedrayo tiña falado no acto de coronación de Cabanillas en Padrón.

Os intelectuais de Galaxia pretenderon facer algo semellante e acertaron recurrido a reprodución dun autógrafo de Castelao xa morto: “abrazarte a ti é abrazar a Galiza”.



## II

O poema de Ramón Cabanillas reza así:

*A OTERO PEDRAYO*

*Cabaleiro sin chata, carne de corazón,  
fror da céltiga raza é o noso don Ramón.  
A xurdia mocidade e os vencidos edosos  
ven nel o capitan dos “bós e xenerosos”,  
que alma ardente coas azas do Ben e da Verdade  
tramontóu os roteiros da racial Saudade  
e sabe do destiño de loureiros e gloria  
que aniña nos infolios da nosa patria hestoria.  
Digan outros da súa verba limpa, de espello,  
da súa pruma esgrevia, do seu siso e consello;  
louben outros ó vate e ó mestre sabidor...  
Por enriba do artista, o home inda é millor  
pola súa bondade, pola súa enxebreza,  
polo seu señorío, dozura e sinxeleza.  
Tal reverencio o quero ó noso Don Ramón,  
cabaleiro sin chata, carne de corazón.*

RAMÓN CABANILLAS  
Madrid, 1955.



Constitue, sin discusión posible, a millor etopeia de Don Ramón Otero Pedrayo, desde tódolos puntos de vista que se queira contempla-lo. Moi superior incluso á sentida e fermosa elexía adicada ó pasamento do irmán Daniel en xaneiro de 1950.

Metricamente o poema tidoado sinxelamente “A Otero Pedrayo”, que encabeza tan caudalosa nómina de colaboradores, está composto por dúas octavas modernistas de versos alexandrinos en pareado introducidos na métrica hispano-lusitana por Rubén Darío, que empregaba preferentemente o dodecasílabo, e tamén por poetas contemporáneos e posteriores ó inspirado vate nicaragüense. A fórmula rubeniana de octava modernista leva o último pareado con rima aguda. Cabanillas emprega o mesmo esquema engadindo unha variante: a primeira octava ten tamén aguda a rima dos dous primeiros versos, men-

tres na segunda octava axéitase a fórmula de Rubén. Por outra banda, nótese que a repetición do primeiro verso -“cabaleiro sin chata, carne de corazón”- ó final da segunda octava confírelle ó poema un evidente efecto integrador que ten como resultancia unha estrofa composta de dúas octavas modernistas de versos alexandrinos en pareado, con hemistiquios heptasílabos (7+7) e alternancia de rima aguda na primeira octava.

O análise acentual dos hemistiquios dá como resultado a predominancia dos alexandrinos polirítmicos (11 en total), sobre os trocaicos (4,5,8) dactílico (o 6) e mixto (o 9). Outras particularidades a sinalar serían que o verso 4 é trocaico “a la francesa” por levar a rima aguda no primeiro hemistiquio; o 9 é mixto, tamén “a la francesa”, polo encabalgamento entre os dous hemistiquios.



Portada libro da homenaxe.

Os recursos estilísticos empregados por Cabanillas, todos eles de raíz modernista, son claramente perceptibles para un lector atento e demorado: abundancia de núcleos sustantivos que condensan os conceptos da estrutura do poema; complementos nominais de valor adxectivo (“sin tacha”, “de corazón”); antítese (“xurdía mocidade e os vencidos edosos”, vencidos polos anos e pola vida); metonimia (“carne de corazón”); metáfora (“fror da céltiga raza”); sinestesia (“alma ardente”); prosopopeia (“do Ben e do Mal”); bimetración (“loureiros e gloria”); paralelismo (“digan outros”-“louben outros”); sinonimia (“siso e consello”); enumeración asindética anafórica (“pola súa”-“pola súa”, “polo seu”) etc, etc.

Desde o punto de vista da estrutura conceptual –aspecto fundamental do poema etopéico– Cabanillas establece, en artellada secuencia de ideas, determinados paradigmas que se integran tan solidariamente na figura do noso don Ramón. Son estes:

1.- Paradigma moral. Formado por tres factores :  
a) pertencencia social (“cabaleiro”); b) valores éticos (“sin tacha”); c) riqueza anímica (metonimia conden-

satoria) “carne de corazón”: sensibilidade, amor, xenerosidade).

2.- Paradigma étnico. Integrado por outros tres factores: a) “fror da céltiga raza”; b) “capitán dos bos e xenerosos”; c) “sabe dos destinos...da nosa patria hestoria”

3.- Paradigma complementario: esencial para a tese que mantemos, entre o “Home” e o “Artista”, integrado por estes cinco valores concordantes, non antitéticos. Vexamos:

“Home”	“Artista”
a) “bondade”	a) “verba limpa”
b) “enxebreza”	b) “pluma esgrevia”
c) “señorío”	c) “siso e consello”
d) “dozura”	d) “vate” (creador)
e) “sinxeleza”	e) “mestre”.

Se acudísemos ó argumento de autoridade virían na nosa axuda, entre outros, o propio Ciceron e Leandro Pita Romero no relativo ó sentimento da amizade e García Martí para a bondade. (Mentamos so estes por vía de exemplo. Aproveitamos para manifestar que mantemos a ortografía orixinal do autor do poema).

Non coñecemos outro personaxe –cando menos o poeta non o menciona– distinto de don Ramón Otero Pedrayo no que se teña dado tan harmoniosa coiuntura. Mesmo por eso devén un rasgo verdadeiramente paradigmático.

Sobrancea en todo o poema a declaración de fe, amor e devoción do autor do texto pola persona do homenaxeado, aspecto facilmente perceptible nesta exaltación, artisticamente tan lograda, dos valores éticos, estéticos e intelectuais dun home senlleiro, irrepitible. A contextura íntima, interior da motivación do poema ven dada certamente pola militancia que presidiu toda a vida dos dous persoeiros no mundo faiscante de valores de toda caste que se acubilla baixo o cálido e amplo rubro dunha afervoadada verba inmorrente. Galeguidade. A contextura puramente externa acredita o efecto da interior. Resultan de feito tan identificadas que non falta quen teña dito que a súa mesma lectura podería facerse á inversa, ou cando menos por pareados, de abaixo para riba. Tamén se podería engadir que a fermosa peza literaria, se ben nun campo un tanto restrinxido,



*Acompañan a don Ramón o ministro Martínez Esteruelas, o rector da Universidade de Santiago, o director xeral de Universidades e o gobernador civil Sr. Llobel de la Muedra. Por parte de don Ramón están a súa sobriña política María Luisa, Teresa Cortón, moi amiga de Otero Pedrayo, o Dr. Conde Corbal e o Prof. Ogando, director do Instituto.*



podía aplicarse ó autor do texto e non só porque os dous teñan o mesmo glorioso nome de Ramón.

Resumindo: tódolos recursos estilísticos, de que se fai abundosa e feliz gala no poema que comentamos reducen ó mínimo o emprego argumental dialéctico: “pola súa bondade, pola súa enxebreza, polo seu señorío, dozura e xeniliza, o home inda é millor”. *Quod erat demonstrandum*. Tanto que nin siquiera se fai preciso mentar a dimensión relixiosa, sentimento definitorio de Otero Pedrayo e Cabanillas.

Fica claro que, por fortuna, son os poetas coa súa intuición os que millor que ninguén poden penetrar no santuario interior da persoa humana, de xeito moi particular no presente caso.

Este noso esquema ou apuntamento de ensaio quedaría mutilado se non pasásemos, inda que moi brevemente da etopeia á epopeia, porque este tránsito vennos imposto porque hipostáticamente unida á figura irrepitible do Home Ramón Otero Pedrayo está a súa obra inxente, plural e polifónica en íntima consonancia coa súa vocación e compromiso patriótico e intelectual. Este punto, tan interesante, foi evidenciado polo profesor Carlos Amable Baliñas, seu discípulo e amigo predilecto.

Otero Pedrayo é o auténtico poeta épico de Galicia non somentes pola súa obra científica de xeógrafo e historiador. O “Ensaio histórico da cultura galega” e a millor visión épica do noso pasado. Se a novela é a forma moderna da épica, a produción narrativa de Don Ramón contén a máis certa visión histórica da nosa estirpe coa perspectiva esperanzada dos nosos máis

outos destinos como pobo. Se Cabanillas o proclama “capitan dos bós e xenerosos” ¿será preciso lembrar a profecía do bardo de Bergantiños “os bós e xenerosos a nosa voz entenden e con arroubo atenden o noso ronco són, mais só os ñorantes e fêridos e duros...non nos entenden non?” Otero Pedrayo foi o noso millor entendedor, o máis intelixente e denodado *excitator comunal*. Pola súa capacidade de evocar o pasado e profetizar o futuro, a súa voz convírtese nunha voz eterna. Reavivala nesta presente efeméride é unha obriga irrenunciable.

